



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



Bases reguladoras do proceso selectivo para constituír unha bolsa de traballo para auxiliares de axuda no fogar

Por Resolución da Alcaldía número 138/2025 de data 18/06/2025, se aproban as bases reguladoras do proceso selectivo para constituír unha bolsa de traballo para auxiliares de axuda no fogar.

Na parte dispositiva dí:

Primeiro: Aprobar a bolsa de Auxiliares de Axuda no Fogar que sirva de base para a contratación laboral temporal ou nomeamentos interinos de persoal para o servizo de axuda no fogar no concello de Cerdido, para os casos de substitucións do persoal que está a prestar o servizo por vacacións, permisos, ILT, baixa por maternidade, circunstancias da produción ou vacantes en devandito servizo

Segundo: No momento que se aprobe esta bolsa de traballo quedará extinguida a bolsa de traballo aprobada polo Decreto da alcaldía N° 55/2018 do 15/03/2018.

Terceiro: Aprobar as bases que rexerán as contratacións de persoal de Auxiliares de Axuda no Fogar e que deseguido se expoñen:

BASES PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS COMO AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

PRIMEIRA: Obxecto da convocatoria:

As presentes bases teñen por obxecto a formación dunha bolsa de traballo que servirá de base para a contratación laboral temporal ou nomeamentos interinos de persoal para o servizo de axuda no fogar no concello de Cerdido, para os casos de substitucións do persoal que está a prestar o servizo por vacacións, permisos, ILT, baixa por maternidade, circunstancias da produción ou vacantes en devandito servizo.

SEGUNDA: Traballos a realizar:

Os asignados ao posto de traballo que se especifiquen no catálogo de postos de traballo, contrato subscrito e/ou decreto de contratación.

TERCEIRA: Tipo de contrato:

Os contratos a subscribir, dependendo de cada caso, poderán ser:

a) Contrato temporal de substitución de persoa traballadora coas cláusulas que a lei especifique en calquera dos casos previstos para substituír a persoas traballadoras durante os períodos de descanso por nacemento, adopción, acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactancia, por vacante na praza, para substitución de persoal con dereito a reserva do posto por motivo de vacacións, permisos, incapacidade laboral temporal, para substitución de persoal con dereito a reserva de praza, etc.

b) Contrato temporal de substitución por circunstancias da produción e/ou por acumulación de tarefas.

CUARTA: Duración dos contratos:



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



Segundo se estableza en cada contrato de conformidade coas necesidades do Concello de Cerdido, e tendo en conta as limitacións previstas no Estatuto dos Traballadores e na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

QUINTA: Xornada de traballo:

A xornada xeral fíxase en 35 horas semanais de traballo efectivo de media en cómputo anual cos descansos establecidos por lei. Os contratos que non sexan a xornada completa aplicaráselles o número de horas proporcionais.

SEXTA: Retribucións:

As retribucións serán as que figuran no presuposto municipal para a mesma categoría profesional para o exercicio en vigor.

SÉTIMA: Requisitos:

As persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes:

a) Ter nacionalidade española, ser nacional dun Estado membro da Unión Europea, cónxuxo dun español ou dun nacional dun Estado membro de Unión Europea non separado de dereito, ou estranxeiro con residencia legal en España, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír permiso de condución B e dispoñibilidade dun vehículo para desprazarse polo concello.

d) Non ter enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co normal desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta.

As persoas con algunha discapacidade deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación para realizar as probas.

A discapacidade e a súa compatibilidade acreditaranse con certificación da Delegación Provincial de Sanidade e Servizos Sociais.

e) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

f) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario do servizo das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que se desempeñan no caso de persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

g) Conforme co acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do sistema para a autonomía e atención a dependencia de 19 de outubro de 2017, as persoas que realicen as funcións de asistencia persoal a persoas en situación de dependencia previstas no artigo 19 da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia, e o persoal auxiliar de axuda a domicilio, deberán acreditar a cualificación profesional de atención socio-sanitaria a persoas no domicilio establecida polo real decreto 295/2004 de 20 de



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



febreiro, segundo se determina na normativa que desenvolve. A este efecto, consideraranse os seguintes títulos e certificados:

- O título de técnico/a en Coidados Auxiliares de Enfermaría establecido polo Real decreto 546/1995, de 7 de abril, ou os últimos títulos equivalentes de técnico/a Auxiliar Clínica, técnico/a Auxiliar Psiquiatría e técnico/a Auxiliar de Enfermaría que se establecen no Real decreto 777/1998, de 30 de abril, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

- O título de técnico/a en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real decreto 1593/2011, de 4 de novembro, ou o título equivalente de técnico/a de Atención Socio-sanitaria, establecido polo Real decreto 496/2003, de 2 de maio, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

- O título de técnico/a superior en Integración Social, establecido polo Real decreto 1074/2012, de 13 de xullo, ou o título equivalente de técnico/a superior en Integración Social establecido no Real decreto 2061/1995, de 22 de decembro, para aqueles profesionais que a data de publicación do dito acordo de 19 de outubro de 2017, se atopen traballando na categoría de asistente/a persoal ou auxiliar de axuda no fogar.

- O certificado de profesionalidade de Atención Socio-sanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, regulado polo Real decreto 1379/2008, de 1 de agosto, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

- O certificado de profesionalidade de Atención Socio-sanitaria a Persoas no Domicilio, regulado polo Real decreto 1379/2008, de 1 de agosto, ou o equivalente certificado de profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda a domicilio, regulado no Real decreto 331/1997, de 7 de marzo, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

- Sen prexuízo da posibilidade de obtención de habilitación excepcional ou provisional á que se fai referencia na citada Orde nos artigos 13 e 23, e que obteñan aquelas persoas que, sen dispor da cualificación profesional correspondente á súa categoría profesional, realizen traballos nos centros e servizos do Sistema para a autonomía persoal e atención á dependencia, radicados na Comunidade autónoma de Galicia, na categoría de auxiliar de axuda no fogar, entre outras, con efectos en todo o territorio do Estado e nun período de validez que finalizará o 31 de decembro de 2022, no caso da habilitación provisional.

- Segundo a Disposición adicional primeira da Orde de 19 de novembro de 2018. Réxime especial de zonas rurais:

No medio rural e nos municipios rurais de pequeno tamaño, cando non dispoñan das persoas coa acreditación requirida para as categorías mencionadas anteriormente, e se acredite a non existencia de demandantes de emprego na zona rural con estas características, mediante certificado da oficina de emprego correspondente, as persoas que non contén coa cualificación profesional esixida poderán ser contratadas, ata que os seus postos poidan ser ocupados por profesionais cualificados, ou adquiren a cualificación correspondente. Entendese por zona rural o establecido na Lei 45/2007, de 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural.

h) Estar en posesión do nivel de CELGA 2, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias. A dita acreditación do coñecemento de Lingua Galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, de conformidade co Sistema de Certificación de Lingua Galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007 e



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



Orde do 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da Lingua Galega). As persoas aspirantes que non acrediten o coñecemento da Lingua Galega requirida, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de coñecemento da Lingua Galega, segundo o previsto na base décima, apartado 1.C das bases xerais, que cualificará a persoa aspirante como apta ou non apta.

Os anteriores requisitos, así como os específicos que se esixan, se é o caso, deberán reunirse con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a toma de posesión, sendo nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

Aquelas persoas que estean en proceso de obtención do certificado de profesionalidade deberán acreditarlo coa carta da Dirección Xeral de Formación e Colocación ou xustificante de tramite de estar iniciado antes da finalización do período de presentación de instancias.

OITAVA: Presentación de instancias:

A presentación de solicitudes poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Cerdido, na sede electrónica da entidade local ou na forma determinada polo artigo 16.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común.

O prazo para a presentación de solicitudes será de vinte (20) días naturais, contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

As solicitudes presentaranse no modelo de instancia que se facilitará nas oficinas municipais e irán acompañadas dos seguintes documentos:

- a) Fotocopia do DNI
- b) Fotocopia do Permiso de conducir e declaración xurada de dispoñibilidade de vehículo
- c) Fotocopia da titulación esixida e/ou certificado de profesionalidade ou titulación ou documentación equivalente que acredite a titulación.
- d) Fotocopia do título acreditativo do coñecemento da lingua galega. En todo caso, e de acordo co previsto no artigo 51.2 da Lei de Emprego Público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten dito coñecemento da Lingua Galega requirido (Celga ou equivalente) ou de estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán obter, para a definitiva superación do proceso selectivo, a cualificación de apto/a na proba específica de coñecemento da lingua galega que deberán realizar, de conformidade ao previsto na base novena da presente convocatoria.
- e) Fotocopia da documentación acreditativa dos méritos alegados

NOVENA: Admisión de aspirantes:

Rematado o prazo de presentación de instancias, por Resolución da Alcaldía, indicárase a composición da Comisión Seleccionadora que aprobará a listaxe provisional das persoas admitidas e excluídas e que será publicada no taboleiro de anuncios do concello.

Concederáse un prazo de cinco (5) días hábiles para reclamacións, si as houbera, e /ou para a emenda dos defectos de documentación, ben entendido que non se considerará deficiencia ou erro a falla de presentación de documentación xustificativa do currículo ou méritos alegados nin se aceptará documentación algunha para completar dito currículo. De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos/as.

Transcorrido o prazo de reclamacións, ditarase nova Resolución estimando ou desestimando as reclamacións presentadas, coa publicación da lista definitiva das persoas admitidas e non



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



admitidas no taboleiro de anuncios do concello na que constará o día, hora e lugar no que se levará a cabo a fase de oposición prevista nas presentes bases.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

DÉCIMA: Selección das persoas aspirantes:

A selección das persoas aspirantes realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases, polo sistema de concurso-oposición libre, coas persoas candidatas que presentaran a documentación no prazo establecido.

Os/as aspirantes convocaranse para cada exercicio en chamamento único, sendo excluídos da oposición os que non comparezan, agás nos casos debidamente xustificadas coa documentación pertinente e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

As persoas aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI ou pasaporte.

A Comisión seleccionadora publicará os anuncios de celebración dos exercicios no taboleiro de edictos do Concello de Cerdido.

O proceso de selección constará das seguintes fases:

1.- FASE DE CONCURSO: máximo de 15 puntos

A) Formación: máximo de 7 puntos.

A.1) Por cada curso impartido por unha institución pública ou con recoñecemento oficial relacionado coas funcións a desempeñar de 100 horas ou mais horas de duración: 1 punto, cun máximo de 3 puntos

A.2) Por cada curso impartido por unha institución pública ou con recoñecemento oficial relacionado coas funcións a desempeñar de máis de 50 horas ou mais horas de duración: 0,50 puntos, cun máximo de 3 puntos.

A.3) Por cada curso impartido por unha institución pública ou con recoñecemento oficial relacionado coas funcións a desempeñar de 20 horas ou mais horas de duración: 0,25 puntos, cun máximo de 1 punto. O Tribunal valorará no seu conxunto e por unha soa vez, os cursos que sexan de natureza análoga e contido curricular similar. O mesmo curso realizado en máis de unha ocasión só será valorado unha vez.

A.4) Non serán valorados os cursos de menos de 20 horas. Nos documentos acreditativos da realización dos cursos deberá constar a duración dos mesmos, de non figurar, entenderase que teñen menos de 20 horas e polo tanto non serán valorados.

B) Experiencia laboral: máximo 7 puntos.

B.1) Por cada mes completo de servizos prestados en calquera administración pública mediante relación laboral, fixa ou temporal, ou como funcionario/a de carreira ou interino/a, como auxiliar de axuda no fogar ou equivalente: 0,10 puntos.

B.2) Por cada mes completo de servizos prestados en empresas privadas como auxiliar de axuda no fogar ou equivalente: 0,05 puntos.

C) Coñecemento da lingua galega: máximo 1 punto

C.1) Por estar en posesión de titulación acreditativa do Celga 2 ou equivalente segundo validacións oficialmente establecidas: 0,5 punto.

C.2) Por estar en posesión de titulación acreditativa do Celga 3 ou equivalente segundo validacións oficialmente establecidas: 0,75 puntos.



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



C.3) Por estar en posesión de titulación acreditativa do Celga 4 ou superior ou equivalente segundo validacións oficialmente establecidas: 1 puntos

Os/as aspirantes que non acrediten estar en posesión de ningún dos Celga establecidos, deberán realizar un exercicio que demostre o coñecemento da lingua galega. O exercicio avaliarase en apto/a ou non apto/a. No suposto de que o resultado sexa non apto non se incorporará a bolsa de contratación.

Os cursos xustificaranse mediante fotocopia, acompañada dos orixinais dos certificados, diplomas, documentos ou títulos acreditativos. A experiencia profesional acreditarase mediante un informe de vida laboral, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, acompañado dos contratos de traballo correspondentes, ou do certificado da empresa correspondente. Se non se presenta a documentación anterior non se procederá a valorar os méritos, se os documentos acreditativos ofrecen dúbidas, non se terán en conta os méritos que se pretendan acreditar. Non se valorarán aqueles cursos nos que non estea debidamente acreditada a súa duración.

2.- FASE DE OPOSICIÓN E ENTREVISTA: máximo 35 puntos

2.1.- Exame tipo test: máximo 30 puntos.

A Comisión seleccionadora realizará un exame tipo test coa finalidade de avaliar os coñecementos da persoa candidata ao posto de traballo en materia do SAF. O test consistirá en contestar a un cuestionario composto por 30 preguntas sobre o temario que figura como Anexo II das presentes bases, con tres respostas alternativas, sendo unicamente unha delas a correcta. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de cincuenta (50) minutos. Cada resposta correcta puntuarase con 1 punto, e as respostas erradas ou en branco non penalizarán. O exercicio valorarase cun máximo de 30 puntos. Para superar esta proba será necesario alcanzar unha puntuación mínima de 15.

Na proba incluíranse 5 preguntas de reserva que deberán ser contestadas polos aspirante e que se avaliarán en substitución daquelas que de xeito motivado fosen anuladas polo tribunal. De esgotarse as preguntas de reserva, outorgarase a cada resposta correcta a puntuación correspondente ao cociente resultado de dividir a puntuación máxima total do exercicio entre o número de preguntas válidas.

2.2.- Entrevista: máximo 5 puntos.

A Comisión seleccionadora realizará unha entrevista persoal a cada aspirante coa finalidade de avaliar a adecuación da persoa candidata ao posto de traballo e os seus coñecementos teóricos e prácticos en materia do SAF, podendo outorgar ata un máximo de 5 puntos. Para superar esta proba será necesario alcanzar unha puntuación mínima de 2,5 puntos.

UNDÉCIMA: Formación da bolsa de traballo.

Unha vez concluída a fase de selección das persoas aspirantes, a Comisión seleccionadora disporá a publicación da puntuación final e da orde de cualificación dos aspirantes aprobados, que virá dada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e, se é o caso, dos méritos do concurso. A lista publicarase no taboleiro de edictos do concello.

Para o caso de existir empate nas puntuacións dos aspirantes, establécense como criterios de desempate, a aplicar na orde que se indica, os seguintes:

- 1) Puntuación obtida no test da fase de oposición.
- 2) Puntuación obtida no apartado A da fase de concurso.
- 3) Puntuación obtida no apartado B da fase de concurso.
- 4) Puntuación obtida na entrevista.



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



Cos aspirantes aprobados formarase unha bolsa de traballo segundo a orde de puntuación obtida para nomeamentos interinos ou contratacións laborais temporais no posto de Auxiliar de Axuda no fogar. A bolsa de traballo funcionará de acordo coas seguintes normas:

1.- Chamamentos aos aspirantes.

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter constancia da súa recepción.

Os datos que figuren na solicitude consideraranse válidos para os efectos de chamamento e notificación, sendo responsabilidade do interesado/a o erro na súa consignación, debendo comunicar ao Concello calquera variación destes.

Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, o/a empregado/a público que o realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tivo ou non resposta. O procedemento para os chamamentos telefónicos será como segue:

- Realízase unha chamada
- De non lograr contactar coa persoa, realizarase unha segunda chamada dúas horas despois da primeira.
- No caso de seguir sen poder contactar coa persoa, realizarase unha terceira chamada ao día seguinte hábil que será a unha hora distinta ás das dúas anteriores.
- De non poder contactar, logo destes tres intentos, chamarase á seguinte persoa que figure na listaxe.

2.- Situación na Bolsa de Traballo.

As persoas integrantes da bolsa de traballo non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que, se o contrato para a que son chamados finaliza, retornarán ao mesmo posto da bolsa que lles correspondía.

As persoas integrantes da Bolsa de Traballo que, sendo convocadas para facer efectiva a contratación ou nomeamento, renunciaren a esta por causa xustificada, considerando causas xustificadas o estar traballando no momento do chamamento ou atoparse en situación de incapacidade laboral temporal, non perderán a orde que lles corresponda na bolsa de traballo, sempre e cando presenten documentación xustificativa xunto coa solicitude de continuar formando parte da bolsa, no rexistro xeral do concello, no prazo de 5 días naturais dende o chamamento.

As persoas integrantes da bolsa que, sendo convocados para facer efectiva a contratación ou nomeamento, non se presentasen ou renunciaren a esta sen xustificación suficiente, perderán os seus dereitos quedando excluídos da lista durante un ano, debendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido dito prazo. A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo salvo os disposto no punto 5 nos casos de mellora de contratación.

3.- Nomeamentos e Cesamentos.

Poderán realizarse contratacións laborais temporais ou nomeamentos interinos para o desempeño de postos de traballo que se encontren vacantes ou non vacantes. Neste último caso será causa suficiente a situación de ILT ou vacacións do seu titular e sexa imprescindible o nomeamento para a correcta prestación do servizo, o cal deberá quedar debidamente acreditado no expediente.



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



O expediente de contratación iniciárase mediante providencia da Alcaldía unha vez emitidos os informes das necesidades por parte dos Servizos Sociais (informe do persoal coordinador dos servizos sociais e/ou concelleiro/a delegado/a). Previamente ao decreto de contratación, emitirase un informe de custos por parte de intervención e/ou tesourería e unirase ao expediente TEDEC o documento RC que acredite a existencia de crédito. Nos casos que o requiran polo tipo de contrato, emitirase informe xurídico e de fiscalización.

Unha vez comparecera o aspirante chamado segundo a orde da Bolsa de Traballo, o Alcalde por Resolución procederá a súa contratación para o desempeño do posto de traballo correspondente, debendo tomar posesión e incorporarse ao posto de traballo, no prazo de 5 días hábiles, a contar desde o día seguinte a aquel en que se lles notifique o nomeamento.

Antes da sinatura do contrato, o Concello poderá acordar que o traballador/a se someta a un recoñecemento médico-psicológico que avalíe a súa adecuación ao posto a desempeñar. No caso de que o traballador resulte non apto non perderá o seu lugar na bolsa de traballo e volverá a ser chamado cando se oferte un posto de distintas características do que foi considerado non apto.

O cesamento producirase cando o titular da praza se reincorpore ao seu posto de traballo ou ben se a praza que ocupa interinamente fose ocupada por funcionario/a de carreira mediante a provisión por algún dos sistemas previstos regulamentariamente, ou polo transcurso do prazo ou causa da contratación prevista ou por Resolución da alcaldía de conformidade co establecido na lexislación vixente.

4.- Actualización de méritos na bolsa e novas incorporacións.

Unha vez ao ano, e sempre que as necesidades o determinen, durante o primeiro semestre do ano, poderá procederse a ampliación da bolsa para todas aquelas persoas novas que desexen entrar na citada bolsa así como para que as que xa forman parte da mesma poidan actualizar os méritos co fin de poder mellorar o seu posto na bolsa. Iniciarase un novo prazo, aprobado por Decreto da Alcaldía coa apertura dun prazo de vinte días para poder incluír a novas persoas e actualizar os méritos das persoas incluídas, realizándose unha nova valoración por parte da comisión seleccionadora. As persoas que superen o proceso selectivo integraranse na bolsa no posto que lles corresponda segundo a puntuación acadada no proceso selectivo e dando lugar a unha nova situación na bolsa das persoas existentes. Publicarase un anuncio no BOP e no Taboleiro de anuncios do Concello.

5.- Mellora.

No caso de que algunha persoa integrante da bolsa de traballo estivera xa contratado como persoal laboral no concello de Cerdido ou nomeado como funcionario interino e fora a realizarse un novo chamamento para un posto que obxectivamente poida considerarse como de mais longa duración ou de maior xornada no propio concello, poderá solicitar ser contratado ou nomeado con preferencia aos seguintes na lista. O órgano competente o acordará sempre que non supoña menoscabo para o servizo.

6.- Suspensión dos chamamentos

- De oficio
- A aceptación dun chamamento suporá a suspensión dos chamamentos ata que cese o primeiro nomeamento.
- Por solicitude do/a interesado/a
- As persoas integrantes da bolsa de traballo que non se atopen prestando servizos poderán solicitar a suspensión das citacións mediante solicitude para o efecto formulada.



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



A dita solicitude, que será irrenunciable, terá efectos suspensivos nas citacións. Os seus efectos produciranse desde o décimo día natural seguinte contado dende a presentación da solicitude de suspensión no rexistro do órgano competente. O tempo de duración desta, a elección do/a interesado/a, será de dous, seis ou doce meses computados dende a data de efectos de suspensión.

7.- Extinción da Bolsa de traballo.

A bolsa de traballo formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan as presentes bases estará vixente ata que se constitúa a nova bolsa da mesma categoría que a substitúa. Sen prexuízo do anterior, entenderase que esta bolsa substitúe e deroga a bolsa anterior quedando esta sen efecto dende o día seguinte ao da publicación do listado definitivo das persoas integrantes da nova bolsa.

DUODÉCIMA: Publicidade

Publicarase no BOP anuncio comprensivo do acordo de aprobación da convocatoria, do prazo de presentación de solicitudes e das bases do proceso selectivo.

No taboleiro de anuncios do Concello de Cerdido publicaranse as bases íntegras do proceso selectivo e o resultado do proceso de selección.

DÉCIMO TERCEIRA: Comisión seleccionadora

A comisión seleccionadora estará composta por un presidente, un secretario e tres vogais nomeados por Resolución de alcaldía de conformidade co artigo 60 da lei 7/2007, do estatuto básico do empregado público.

Poderase nomear a persoal técnico aos únicos efectos de asesoramento da Comisión Seleccionadora.

Todos os membros da Comisión Seleccionadora deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

A abstención e recusación dos membros da Comisión Seleccionadora será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, a efectos da realización de sesións, deliberacións e adopción de acordos, requirirase a presenza, alo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o que ostente a presidencia e a secretaría. De tódalas reunión que faga o tribunal, o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente/a da Comisión.

A Comisión seleccionadora estará facultada para a interpretación das presentes bases, así como para resolver as dúbidas que xurdan da súa aplicación determinará a actuación procedente nos casos non previstos.

Os membros concorrentes ás sesións da Comisión Seleccionadora e para os efectos de percepcións de asistencias se clasificarán consonte ao disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo.

DÉCIMO CUARTA:

As bases desta convocatoria vinculan á administración municipal, á comisión seleccionadora e ás persoas aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



DÉCIMO QUINTA: Réxime xurídico aplicable

En todo o non previsto expresamente nas presentes bases, serán de aplicación o Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios ao servizo das Entidades Locais, o Real Decreto 364/1995 polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado e demais lexislación vixente de aplicación.

DÉCIMO SEXTA:

As presentes bases serán aprobadas polo Sr. Alcalde.

Anexo I. Modelo de instancia/solicitud

SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NA BOLSA DE EMPREGO PARA AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL OU PERSOAL INTERINO

D./D^a, con
DNI e con domicilio a efectos de notificacións na rúa ou lugar
de e número de
teléfono correo electrónico

EXPOÑO

Que tendo coñecemento da convocatoria por este Concello das probas selectivas para a formación dunha Bolsa de Emprego para realizar contratacións laborais temporais ou nomeamentos interinos na categoría de Auxiliar de Axuda no Fogar

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

1.- Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nas presentes bases para poder participar na proba selectiva.

2.- Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo e que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza a que se opta.

3.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

4.- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determina a vixente lexislación.

5.- Que dispoño de vehículo para realizar o traballo

SOLICITO: Tendo por presentada a presente solicitude dentro do prazo concedido ao efecto ser admitido para tomar parte nas probas selectivas para o acceso á Bolsa de emprego de referencia.

A presente solicitude acompáñase da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento equivalente.
- Fotocopia da titulación esixida.
- Fotocopia do título acreditativo de coñecemento da lingua galega (CELGA) ou o correspondente certificado de aptitude do curso de perfeccionamento da lingua galega.
- Fotocopia da documentación dos méritos alegados.
- Informe de vida laboral, fotocopia dos contratos de traballo e/ou certificado de empresa do tempo traballado na mesma categoría.



**Concello de Cerdido
(A Coruña)**

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



Cerdido, de de 20.....

Asdo.:

Anexo II. TEMARIO DO EXAME TIPO TEST

Tema 1.-Características e necesidades de atención hixiénico sanitaria das persoas dependentes no domicilio.

Tema 2.-Administración de alimentos e tratamentos a persoas dependentes no domicilio.

Tema 3.- Mellora das capacidades físicas e primeiros auxilios para as persoas dependentes no domicilio.

Tema 4.- Mantemento e rehabilitación psicosocial das persoas dependentes no domicilio.

Tema 5- Apoio ás xestións cotiás das persoas dependentes.

Tema 6.- Interrelación e comunicación coa persoa dependente e o seu entorno.

Tema 7.- Xestión, aprovisionamento e cociña na unidade familiar de persoas dependentes.

Tema 8.- Mantemento, limpeza e organización do domicilio das persoas dependentes.

Tema 9.-O concello de Cerdido: organización, parroquias e lugares.

Asinado dixitalmente polo Alcalde, D. Alberto Javier Rey Paz, do que eu Secretario - interventor do concello, Ignacio Hipolito Domínguez Simons, dou fe.

Cerdido, 19 de xuño de 2025

O Alcalde,

Alberto Javier Rey Paz